

## Prestacións familiares da Seguridade Social

### Concepto:

As prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares.

Estas prestacións están incluídas nos dous niveles de protección, que compoñen o Sistema da Seguridade Social, o nivel contributivo e o nivel non contributivo: Na súa modalidade contributiva, están comprendidas dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social. Na súa modalidade non contributiva, o dereito a estas prestacións exténdese a tódolos cidadáns que se atopen en situación de necesidade, aínda cando non cotizaran nunca ou non o fixeran o tempo suficiente para acadar as prestacións do nivel contributivo, aínda que está condicionado a uns niveis máximos de ingresos.

### Modalidade non contributiva:

- Unha asignación económica por cada fillo menor de 18 anos ou sendo maior de dita idade estea afectado por unha discapacidade en grao igual ou superior ó 65%, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación con aqueles, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo. O causante non perderá a condición de fillo ou menor acollido a cargo polo mero feito de realizar un traballo lucrativo, por conta propia ou allea, sempre que continúe convivindo co beneficiario da prestación e que os ingresos anuais do causante en concepto de rendementos do traballo non superen o 100 % do S.M.I., tamén en cómputo anual.
- Unha prestación económica de pago único a tanto alzado por nacemento ou adopción de fillo/a en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%.
- Unha prestación económica de pago único por parto ou adopción múltiples.
- Prestación económica por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos. *Solicitud*

Estas prestacións serán incompatibles coa percepción, por parte do pai ou da nai, de calquera outra prestación análoga establecida nos restantes rexímenes públicos de protección social.

No supostos nos que tanto o pai como a nai reúnan as condicións para serern beneficiarios destas prestacións, só poderá ser recoñecido en favor dun deles.

**Prestación económica de pagamento único a tanto alzado por nacemento ou adopción de fillo/a en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais discapacidade igual ou superior ao 65%**

Nos casos de nacemento ou adopción de fillo/a en España nunha familia numerosa ou que, con tal motivo, adquira dita condición, nunha familia monoparental ou nos supostos de nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65% terase dereito a unha prestación que consistirá nun pagamento único de 1.000 euros.

Entenderase por familia monoparental a constituída por un so proxenitor co que convive o fillo nacido ou adoptado e que constitúe o sustentador único da familia.

### Requisitos:

- Residir legalmente en territorio español.
- Non ter percibido durante o exercicio orzamentario anterior ingresos anuais superiores á contía establecida para ser beneficiario/a das asignacións económicas por fillo/a a cargo non discapacitado/a.
- Non ter dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

No suposto de convivencia do pai e da nai se a suma dos ingresos percibidos por ámbolos dous superase os límites establecidos, non se recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles.

Solicitud de prestación por nacemento/adopción de fillo en supostos de familias numerosas, monoparentais e nais discapacitadas - Parto ou adopción múltiples

### Prestación por parto ou adopción múltiples

#### Beneficiarios:

As persoas, pai ou nai ou, no seu defecto, a persoa que regulamentariamente se estableza que reúna os seguintes requisitos:

- Residir legalmente en territorio español.
- Non ter dereito, ni o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social. Entenderase que existe parto ou adopción múltiple cando o número de nados ou adoptados sexa igual ou superior a dous.

#### Contías 2017:

Trátase dunha prestación de pago único. As contías son as seguintes:

Nº de fillos nados ou adoptados	Nº de veces SMI/mes*	
2	4	2.830,80 €
3	8	5.661,16 €

4 e máis	12	8.492,40 €
----------	----	------------

\*SMI/mes 2017: 707,70 €/mes | SMI diario: 23,59 €

O recoñecemento e percibo desta prestación non queda supeditado aos ingresos das persoas beneficiarias.

### **Compatibilidades:**

A prestación por parto ou adopción múltiples é compatible con:

- A prestación por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos, causada por un mesmo suxeito.
- O subsidio especial de maternidade por parto ou adopción múltiples.
- As asignacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo.
- A pensión de orfandade e en favor de netos e irmáns que, se é o caso, lle poideran corresponder.

### **Lugar de presentación de solicitudes:**

Oficinas do Instituto Nacional da Seguridade Social

### **Prazo de presentación:**

Todo o ano.